



COUSAS QUE DEBES SABER ANTE UNHA FOLGA

- **Qué son os servizos mínimos?**

Durante as folgas que afectan a servizos básicos, como é o caso da sanidade, a Administración debe negociar coas organizacións convocantes da folga uns mínimos efectivos que deben realizar **tarefas básicas para manter a actividade urxente que non pode agardar a outro día.** O que acontece frecuentemente é que a Administración impón uns servizos mínimos abusivos, nalgúns casos con máis presenzas mesmo que un día laborábel ordinario.

- **Se unha persoa non está de servizos mínimos pero tampouco secunda a folga, tamén tén que facer só as tarefas urxentes e que non poidan adiarse?**

Non, a persoa que a empresa non nomeou como servizos mínimos e non secunda a folga debe traballar con normalidade. **Non pode ampararse na folga para facer só tarefas urxentes.**

- **Se quero ir á folga, podo pedir que non me poñan de servizos mínimos?**

Se desexas participar na folga e temes que poidan adxudicarche servizos mínimos ese día, tés a opción de **remitir un escrito á Dirección de Recursos Humanos da túa Xerencia solicitando que ese día non te poñan de servizos mínimos.** A Xerencia non tén obriga de facer caso destas peticións, mais estás no teu dereito de solicitalo.

Tamén tés a opción, se xa che comunicaron que o día da folga estás de servizos mínimos, de falar con algún/algunha compañeiro/a que non fora adxudicado como servizos mínimos e que saibas que non tén intención de secundar a folga. Se vos poñedes de acordo e o solicitades na Xerencia, poden cambiarvos os papeis, pasando esa persoa a ser servizo mínimo, mentres que ti poderás secundar a folga. Isto tamén é optativo para a Xerencia, mais tamén estás no teu dereito de pedilo.

- **Teño que comunicar á empresa se vou ou non vou facer folga?**

Nunca che poden pedir, solicitar, preguntar ou exixir (nin de xeito verbal nin por escrito) que comunique a túa intención de participar na folga ou non. Nin a empresa, nin ninguén. Isto é unha decisión que che compete exclusivamente a ti tomar. Podes dicilo se queres, mais se non queres, non tés porqué facelo, pídacho quen cho pida.



- **O día da folga, se estou de servizos mínimos, qué podo facer se un/unha superior me indica que debo facer algo que eu considero que se sae fóra dos mínimos?**

De entrada, **nunca debes negarte**. Inda que saibas con certeza que esa tarefa non é urxente e que pode ser adiada para outro día, é dicir, inda que esteas na seguridade de que non é unha tarefa de mínimos, non debes negarte a facela se cho pide un/unha superior. O que debes facer é comunicarlle a esa persoa as túas dúbidas sobre a pertinencia desa tarefa nun día de folga e inmediatamente **poñerte en contacto co Comité de Folga** e explicarlle a situación. O Comité será quen te informe e fale coa Administración para solucionar a cuestión.

- **Qué podo facer se algún/algunha usuario/a non comprende que estou de servizos mínimos, ou que por mor da folga non se lle vai atender?**

Do mesmo xeito debes proceder cando unha persoa usuaria da sanidade se enfade, te increpe ou perda os papeis por mor da situación de folga. **Nunca debes responder agresivamente nin con berros ou dando as costas a esa persoa**. Debes intentar explicar os motivos da folga e que te atopas de servizos mínimos, indicándolle o que son e qué significan. Se inda así non entra en razón, **ponte en contacto co Comité de Folga** para que fale con esa persoa e trate de clarificar a situación.

- **Quén compón o Comité de Folga?**

O Comité de Folga compóñeno delegados/as sindicais do teu centro, representantes das organizacións convocantes da folga.

Os delegados/as que forman parte do Comité de Folga neste centro son:

- *
- *
- *
- *

ANTE CALQUERA DÚBIDA, CONTACTA CO COMITÉ DE FOLGA.